



Resolución reitoral do 7 de xullo de 2026, pola que se aproba a normativa de xestión académica da Universidade da Coruña para o curso 2026/27

TÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Ámbito de aplicación e execución da normativa	2
TÍTULO II. Matrícula.....	3
Artigo 2. Tipos de matrícula.....	3
Artigo 3. Matrícula ordinaria de inicio.....	3
Artigo 4. Matrícula de continuación.....	5
Artigo 5. Solicitudes de matrícula fóra de prazo.....	7
Artigo 6. Impedimentos de matrícula	7
Artigo 7. Matrícula simultánea de dúas titulacións oficiais do mesmo nivel.....	8
Artigo 8. Anulación da matrícula.....	11
Artigo 9. Desistencia da matrícula	12
Artigo 10. Suspensión da matrícula	13
Artigo 11. Eliminación de materias	13
Artigo 12. Substitución de materias	15
Artigo 13. Ampliación de materias	16
Artigo 14. Coordinación con procedementos de bolsas	18
TÍTULO III. Prezos públicos	19
Artigo 15. Prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos ...	19
Artigo 16. Recoñecementos e transferencias de créditos	27
Artigo 17. Realización dunha segunda mención ou especialidade nun grao ou nun máster	28
Artigo 18. Cambio da modalidade de impartición do ensino para alumnado de continuación	28
TÍTULO IV. Procedemento de matrícula e documentación para entregar.....	29
Artigo 19. Matrícula por internet. Normas xerais.....	29
Artigo 20. Efectos da matrícula.....	29
Artigo 21. Seguros.....	30
Artigo 22. Traslado do expediente	30
TÍTULO V. Normativa específica de grao	31
Artigo 23. Cambio de universidade e/ou estudos.....	31
Artigo 24. Cambio de universidade de custodia do expediente.....	33
Artigo 25. Admisión e matrícula do alumnado titulado na ordenación universitaria anterior (curso ponte)	34



Artigo 26. Matrícula do alumnado da UDC de titulacións correspondentes á anterior ordenación académica	35
Artigo 27. Matrícula nos programas de graos abertos	35
TÍTULO VI. Normativa específica dos másteres.....	35
Artigo 28. Coordinación dos másteres universitarios e comisión responsable da selección de alumnado	35
Artigo 29. Excepcionalidade na matrícula de inicio de estudos.....	36
Disposición adicional.....	36
Disposición final primeira.....	36
Disposición final segunda.....	36
ANEXO I. Prazos e calendarios.....	37
ANEXO II. Documentos.....	40

En aplicación do que está disposto nos artigos 34 e 36.1 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 94/2025, do 6 de outubro,

RESOLVO:

Aprobar e publicar a convocatoria de matrícula para o curso 2026/27 nas diferentes facultades, escolas e unidades de xestión académica integrada. Esta convocatoria estará suxeita á seguinte norma:

Normativa de xestión académica da Universidade da Coruña para o curso 2026/27

TÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Ámbito de aplicación e execución da normativa

1.1. A normativa de xestión académica aplicaráselles aos plans de estudos que conducen a obter títulos oficiais de grao e máster universitario da Universidade da Coruña (en diante UDC). Tamén será de aplicación supletoria a calquera outro procedemento de xestión académica, ao correspondente ás bolsas e, en xeral, a todos os procedementos académicos en que a persoa interesada teña a condición de alumna da UDC.

1.2. A programación e o desenvolvemento normal das actividades docentes, así como o cumprimento dos prazos que se indican, vinculan do mesmo xeito tanto o alumnado destinatario como a propia UDC. Todos os órganos da nosa universidade cumprirán de xeito rigoroso o conxunto das preinscricións contidas nesta normativa.

1.3. En calquera caso, o exercicio do dereito de matrícula que establecen estas normas non obrigará a modificar o réxime de horarios xerais que determine cada centro, de acordo coas necesidades dos seus programas de estudo.



TÍTULO II. Matrícula

Artigo 2. Tipos de matrícula

2.1. Matrícula ordinaria

É a que realizan aquelas persoas que se inscriben na UDC para seguir regularmente estudos que conducen a obter un título universitario oficial de grao ou de máster.

Establécense as seguintes modalidades de matrícula ordinaria: matrícula a tempo completo, matrícula a tempo parcial.

2.2. Matrícula extraordinaria

É a que realizan aquelas persoas que, aínda reunindo os requisitos de acceso á universidade e con independencia da titulación que posúan, se inscriben en materias diversas das diferentes titulacións de grao ou de máster da UDC sen esperar obter un título. Estas persoas non constarán nas actas de cualificacións oficiais e recibirán, ao rematar os seus estudos, un certificado do profesorado encargado da materia expresivo da súa asistencia e o aproveitamento das clases, en que se indicará cualificación final que atinxan. Aboarán as taxas correspondentes á apertura do expediente de matrícula extraordinaria, o seguro que contrate a UDC e os prezos públicos dos créditos matriculados.

En calquera caso, a admisión destas persoas en cada unha das materias que queiran cursar quedará condicionada a que nelas existan prazas dispoñibles, unha vez que se computen as matrículas ordinarias en cada titulación en que se imparta a materia que soliciten; e á decisión que adopte o centro sobre a formación previa necesaria para o estudantado.

Esta matrícula farase de forma presencial na administración do centro ou da unidade de xestión académica integrada (en diante, en singular e en plural, UXAI) que corresponda.

Artigo 3. Matrícula ordinaria de inicio

3.1. Finalidade

A matrícula ordinaria de inicio é aquela que formaliza o alumnado que accede por primeira vez a unha titulación oficial de grao ou de máster na UDC para cursar estudos que conducen a obter un título.

3.2. Requisitos

3.2.1. Nos estudos de grao poderá formalizar a súa matrícula, nos prazos que se marquen, o alumnado que inicie estudos de grao que conducen a obter títulos oficiais en calquera das titulacións da UDC e que se atope habilitado, ou posúa algún dos títulos que dan acceso a estes estudos dos que están previstos na normativa de aplicación.

O alumnado que desexa comezar os seus estudos de primeiro curso en titulacións de grao, alén de ter a habilitación a que se refire o parágrafo anterior, deberá estar admitido para formalizar a matrícula nas sucesivas resolucións da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), ou cando estas finalicen e resulten prazas vacantes, na resolución do decanato ou da dirección correspondente.

O alumnado con estudos oficiais parciais de grao cursados en España non poderá ingresar directamente en titulacións universitarias deste nivel. Para ser admitido deberá facer unha preinscrición ou seguir o procedemento establecido no artigo 23 desta normativa.



3.2.2 Nos estudos de máster, o estudantado matricularase e aboará os prezos públicos de matrícula unha vez que se publique a relación definitiva de persoas admitidas segundo o establecido na Normativa de preinscrición e matrícula nos másteres universitarios para o curso 2026/27.

3.3. Dedicación

O estudantado poderase matricular de acordo coas seguintes opcións:

a) Matrícula a tempo completo

O estudantado admitido por primeira vez no primeiro curso de estudos de grao que elixa a condición de estudante con dedicación a tempo completo deberase matricular do primeiro curso na súa integridade, sen prexuízo do que está disposto no decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2026/27 (en diante, o decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos).

O estudantado admitido por primeira vez no primeiro curso de estudos de máster que desexe ter a condición de estudante con dedicación a tempo completo deberase matricular de 60 créditos correspondentes ao primeiro curso da titulación, ou daqueles que estableza o plan de estudos para o primeiro curso, coa excepción dos casos en que se recoñezan materias do primeiro curso e do suposto establecido no artigo 29, en que non poderá superar a matrícula de 78 créditos ECTS.

b) Matrícula a tempo parcial (opción que deberá xustificar o estudantado)

Son estudantes de inicio con dedicación ao estudo a tempo parcial as persoas que sexan autorizadas a efectuar a súa matrícula neste réxime. A matrícula a tempo parcial nunca poderá ser inferior a 24 créditos nin superior a 48.

Resolverá as solicitudes o decanato ou a dirección, por delegación do reitor, tras o informe vinculante da comisión con competencias académicas que determine cada centro. Contra a súa resolución poderase presentar un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

O número de prazas que se poden conceder para este réxime é, nos estudos de grao, do 15 % das ofrecidas para o primeiro curso; e, nos estudos de máster, do 30 %.

Nos dous tipos de estudos establecerase un sistema de selección que terá en conta a data en que a olicitude se considera correctamente presentada, e, en caso de empate, a nota de admisión na titulación. O procedemento seguirá o disposto na Normativa que regula a progresión e a permanencia do estudantado de grao e máster universitario na UDC.

c) Matrícula adaptada (opción que deberá xustificar o estudantado).

Son estudantes de inicio con dedicación ao estudo adaptado as persoas que sexan autorizadas a efectuar a súa matrícula neste réxime. A matrícula adaptada nunca poderá ser inferior a 6 créditos nin superior a 24.

O órgano encargado de resolver as solicitudes será a vicerreitoría con competencias en ordenación académica, por delegación do reitor. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

O procedemento seguirá o que dispón a Normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e mestrado



universitario na UDC.

O estudantado que non se seleccione para se matricular a tempo parcial quedará matriculado a tempo completo ou anularase a súa matrícula, segundo indique na solicitude.

O estudantado que non se seleccione para se matricular en réxime adaptado quedará matriculado a tempo completo ou anularase a súa matrícula, segundo indique na solicitude. Non obstante, no caso de que marcarse a opción da matrícula a tempo parcial, poderá quedar matriculado neste réxime, se así o aproba o órgano competente do centro.

No caso de non formalizar a matrícula a tempo completo ou a tempo parcial, segundo corresponda, entenderase que a persoa interesada desiste da solicitude de matrícula. Procederá de oficio a aceptar de plano esta desistencia e o procedemento declarárase concluído, por delegación do reitor, mediante unha resolución do decanato ou da dirección do centro dirixida á persoa interesada.

En calquera caso, tanto se o alumnado anula a matrícula como se se produce a súa desistencia, non se lle devolverán as contías dos seguros escolares nin as da tarifa 3.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos. Será convocada a seguinte persoa da listaxe de admisión.

As persoas solicitantes dunha matrícula a tempo parcial e adaptada deberán aprazar o pagamento da matrícula ata que se resolva a súa solicitude, agás os seguros establecidos no artigo 21 destas normas e as contías que correspondan á tarifa 3.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos, que en ningún caso serán obxecto de devolución.

Artigo 4. Matrícula de continuación

4.1. Requisitos

Poderá formalizar a súa matrícula de continuación de estudos o alumnado que pretenda proseguir na mesma titulación en que estivo matriculado no curso 2025/26 ou noutros cursos anteriores, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta normativa.

4.2. Dedicación

a) Matrícula a tempo completo

O alumnado de continuación de estudos deberase matricular dun número non inferior a 48 créditos, salvo que lle resten menos créditos para rematar os estudos. O número máximo de créditos dos que se poderá matricular será de 78, agás cando a matrícula estea condicionada polas obrigas académicas establecidas no plan de estudos (ordenación temporal dos estudos, prelacións ou prerequisites, compatibilidade horaria das materias en que se vai matricular o alumnado); ou por circunstancias excepcionais debidamente acreditadas que, por delegación do reitor, aprecie o decanato ou a dirección do centro, caso en que poderá alcanzar os 90 créditos.

O alumnado de continuación de estudos de grao deberase matricular, ata o máximo indicado no parágrafo anterior, de todos aqueles créditos de formación básica e obrigatoria que non superase nos cursos anteriores da titulación, excepto no caso de que a memoria verificada do seu plan de estudos conteña outras previsións ao respecto, ou se está a participar nalgún dos programas de mobilidade previstos na UDC.

b) Matrícula a tempo parcial (opción que deberá xustificar o estudantado)



Son estudantes de continuación de estudos con dedicación a tempo parcial as persoas que realicen unha matrícula que nunca pode ser inferior a 24 créditos, agás que lles resten menos para rematar os estudos, nin superior a 48.

Resolverá as solicitudes o decanato ou a dirección, por delegación do reitor, tras o informe vinculante da comisión con competencias académicas que determine cada centro. Contra a súa resolución poderase presentar un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

c) Matrícula adaptada (opción que deberá xustificar o estudantado).

Son estudantes de continuación, con dedicación ao estudo adaptado, as persoas que sexan autorizadas a efectuar a súa matrícula neste réxime. A matrícula adaptada nunca poderá ser inferior a 6 créditos nin superior a 24.

O órgano encargado de resolver as solicitudes será a vicerreitoría con competencias en ordenación académica, por delegación do reitor. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

O procedemento seguirá o que dispón a Normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e mestrado universitario na UDC.

O estudantado que non se seleccione para se matricular a tempo parcial quedará matriculado a tempo completo ou anularase a súa matrícula, segundo indique na solicitude.

Se o/a estudante non resulta seleccionado/a para se matricular en réxime adaptado, quedará matriculado/a a tempo completo ou anularase a súa matrícula, segundo indique na solicitude. Non obstante, no caso de que marcarse a opción da matrícula a tempo parcial, poderá quedar matriculado neste réxime, se así o aproba o órgano competente do centro.

No caso de non formalizar a matrícula a tempo completo ou a tempo parcial, segundo corresponda, entenderase que a persoa interesada desiste da súa solicitude de matrícula. Procederase de oficio a aceptar de plano esta desistencia e o procedemento declararase concluído, por delegación do reitor, mediante unha resolución do decanato ou da dirección do centro dirixida á persoa interesada.

En calquera caso, tanto se o alumnado anula a matrícula como se se produce a súa desistencia, non se lle devolverán as contías dos seguros escolares nin as da tarifa 3.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos.

As persoas solicitantes dunha matrícula a tempo parcial e adaptada deberán aprazar o pagamento da matrícula ata que se resolva a súa solicitude, agás os seguros establecidos no artigo 21 destas normas e as contías que correspondan á tarifa 3.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos, que en ningún caso serán obxecto de devolución.

4.3. Matrícula do traballo de fin de grao ou do traballo de fin de máster

Sen prexuízo do disposto no artigo 16.1, para formalizar a matrícula do traballo de fin de grao (TFG), o alumnado poderá ter pendentes para completar os estudos, como máximo, 78 créditos, incluídos os correspondentes ao TFG. Deberase matricular tamén de todas as materias necesarias para concluír o plan de estudos do grao.

Para poder formalizar a matrícula do traballo de fin de máster (TFM) será requisito imprescindible matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de



estudos do máster.

4.4. Matrícula en cursos extinguidos

Unha vez extinguido cada curso dunha titulación, o alumnado de continuación de estudos que se atope en procesos de modificación, supresión ou extinción dos seus títulos ou dos seus plans de estudos, disporá:

- Nas titulacións de grao: dunha convocatoria con dúas oportunidades de exame en cada un dos dous cursos académicos seguintes, incluído aquel en que se produce a extinción, para superar as materias ou as disciplinas pertencentes ao curso académico extinguido.
- Nas titulacións de máster: dunha convocatoria con dúas oportunidades de exame, no mesmo curso académico en que se produce a extinción, para superar as materias ou as disciplinas pertencentes ao curso académico extinguido.

Artigo 5. Solicitudes de matrícula fóra de prazo

Por delegación do reitor, as solicitudes de matrícula realizadas fóra dos prazos establecidos, agás aquelas cuxa resolución sexa competencia da CiUG, resolveranas os decanatos ou as direccións dos centros, tendo en conta as circunstancias alegadas polas persoas solicitantes. Contra a súa resolución poderase presentar un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

Artigo 6. Impedimentos de matrícula

6.1. Permanencia

6.1.1. Inicio de estudos

O estudantado de inicio que se matricule no réxime de dedicación a tempo completo deberá superar nese curso polo menos 12 créditos para ter a consideración de estudante de continuación de estudos na mesma titulación no ano académico seguinte.

O estudantado de inicio que se matricule no réxime de dedicación a tempo parcial deberá superar nese curso polo menos 6 créditos para ter a consideración de estudante de continuación de estudos na mesma titulación no ano académico seguinte.

De non se cumprir estes requisitos, o decanato ou a dirección do centro, logo do pedimento do alumnado, poderá conceder a autorización especial recollida no artigo 7 da Norma que regula a progresión e a permanencia do estudantado de grao e máster universitario na UDC.

6.1.2. Continuación de estudos

Segundo o que sinala o artigo 3.4 da Norma que regula a progresión e a permanencia do estudantado de grao e máster universitario, o alumnado de continuación de estudos deberá superar cada tres anos académicos en que estea matriculado o seguinte número de créditos:

- a) Estudantado matriculado en tres cursos a tempo completo: 60 créditos.
- b) Estudantado matriculado en dous cursos a tempo completo e un curso a tempo parcial: 48 créditos.
- c) Estudantado matriculado nun curso a tempo completo e dous cursos a tempo parcial: 36 créditos.
- d) Estudantado matriculado en tres cursos a tempo parcial: 30 créditos.

Para estes efectos non se terán en conta os créditos recoñecidos, validados ou adaptados.



Non será necesario superar o número de créditos antes indicado durante un máximo de catro matriculacións cando o alumnado se atope nalgunha destas situacións:

- a) Ter pendente de superar, unicamente, o TFG/TFM.
- b) Ter pendente de superar, unicamente, o TFG/TFM e un máximo de 36 créditos de prácticas externas obrigatorias.
- c) Ter pendente de superar, unicamente, o TFG/TFM e un máximo do 10 % dos créditos totais do plan de estudos.

O alumnado de continuación de estudos que non cumpra os requisitos anteriores non poderá proseguir os mesmos estudos na UDC, sen prexuízo de que obteña a autorización especial para matricularse ou a autorización excepcional de permanencia recollidas nos artigos 7 e 8 da Norma que regula a progresión e a permanencia do estudantado de grao e máster universitario na UDC.

6.2. Prerrequisitos e correquisitos

Se no plan de estudos figuran prerrequisitos para cursar algunha materia, enténdese que o estudantado non se pode matricular nela ata non aprobalos. De se recolleren correquisitos no plan de estudos, enténdese que o estudantado non se pode matricular nunha materia se non está simultaneamente matriculado nas que supoñen os seus correquisitos ou se non os aprobou.

Artigo 7. Matrícula simultánea de dúas titulacións oficiais do mesmo nivel

Considérase simultaneidade de estudos, unicamente, o suposto en que se cursan dúas titulacións oficiais do mesmo nivel. Grao, máster e doutoramento son tres niveis diferentes. O feito de cursar dúas titulacións oficiais de diferente nivel non se considera simultaneidade de estudos e non está sometido ao réxime recollido neste artigo.

A matrícula simultánea de dúas titulacións oficiais do mesmo nivel rexerase pola seguinte regulación.

7.1. Inicio de estudos simultáneos en dúas titulacións da UDC

– Solicitud:

O alumnado que se matricule para iniciar estudos nunha titulación e desexe iniciar a un tempo estudos noutra titulación do mesmo nivel das que se imparten na UDC deberá facer a súa solicitude de simultaneidade ante a administración do centro ou a UXAI responsable da segunda titulación.

– Requisitos:

Non deben quedar solicitantes na listaxe de agarda cando menos nunha das titulacións que se vaia cursar.

– Resolución:

Por delegación do reitor, corresponderalle resolver ao decanato ou á dirección do centro en que se imparten os estudos da segunda titulación. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

A administración do centro ou a UXAI remitirá unha copia desta resolución, para efectos informativos, á administración do centro en que se imparta a titulación en que o alumnado se matriculou inicialmente ou á UXAI oportuna.



– Efectos:

O alumnado coa condición xurídica de solicitante de simultaneidade de estudos, sexa de centros públicos ou de centros adscritos, aprazará o pagamento do prezo da matrícula da titulación en que solicita a simultaneidade ata se ditar unha resolución positiva.

– Exclusiones:

Para os efectos do que dispón esta normativa, deberase entender que non se trata dun suposto de simultaneidade de estudos, senón dunha soa matrícula ordinaria, aquel en que o alumnado formaliza a súa matrícula a un tempo en dúas ou máis orientacións, dous ou máis itinerarios, mencións, especialidades, ou calquera outra denominación que figure nos plans de estudos, sempre que tras superalos se obteña exclusivamente un título universitario oficial.

7.2. Simultaneidade entre unha titulación xa iniciada e outra titulación na UDC

– Solicitud:

Terá que presentar unha solicitude de simultaneidade de estudos dirixida ao reitor na administración do centro ou a UXAI correspondente aos novos estudos que pretende comezar.

– Requisitos:

1. Tras rematar o proceso de admisión, non deben quedar solicitantes na listaxe de agarda na titulación que pretende iniciar.

2. Na titulación en que inicialmente se matriculase, o estudantado debe cumprir estas condicións:

a) Estudos de grao: ter superado integramente o primeiro curso do grao que xa comezou, ou ben ter superados os créditos de que estivo obrigado a formalizar a matrícula no primeiro curso.

b) Estudos de máster: nos de 90 ou 120 créditos ECTS, ter superado integramente o primeiro curso do máster que xa comezou; nos de 60 créditos ECTS, ter pendente só o TFM.

– Resolución:

Por delegación do reitor, corresponderalle resolver ao decanato ou a dirección do centro en que se imparten os estudos que a persoa interesada quere comezar. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

– Efectos:

O alumnado coa condición xurídica de solicitante de simultaneidade de estudos, sexa de centros públicos ou de centros adscritos, aprazará o pagamento do prezo da matrícula da titulación en que solicita a simultaneidade ata se ditar unha resolución positiva.

– Exclusiones:

Para os efectos do que dispón esta normativa, deberase entender que non se trata dun suposto de simultaneidade de estudos, senón dunha soa matrícula ordinaria, aquel en que o alumnado formaliza a súa matrícula a un tempo en dúas ou máis orientacións, dous ou máis itinerarios, mencións, especialidades, ou calquera outra denominación que figure nos plans de estudos, sempre que tras superalos se obteña exclusivamente un título universitario oficial.



7.3. *Simultaneidade con outra universidade dunha titulación xa iniciada e doutra titulación*

– Solicitude:

a) Alumnado entrante: terá que presentar unha solicitude de simultaneidade de estudos dirixida ao reitor na administración do centro ou a UXAI correspondente aos novos estudos que pretende comezar no momento en que se matricule.

b) Alumnado saínte: terá que presentar unha solicitude de simultaneidade de estudos dirixida ao reitor na administración do centro ou a UXAI en que está matriculado.

– Requisitos:

a) Alumnado entrante:

1. Tras rematar o proceso de admisión, non deben quedar solicitantes na listaxe de agarda da titulación que pretende iniciar.

2. Na titulación en que inicialmente se matriculase debe ter integramente superado o primeiro curso, ou ben ter superados os créditos dos que estivo obrigado a formalizar a matrícula no primeiro curso.

b) Alumnado saínte:

1. Acreditar a admisión na outra universidade.

2. Na titulación en que estivo matriculado na UDC, o estudantado debe cumprir estas condicións:

a) Estudos de grao: ter superado integramente o primeiro curso do grao que xa comezou, ou ben ter superados os créditos de que estivo obrigado a formalizar a matrícula no primeiro curso.

b) Estudos de máster: nos de 90 ou 120 créditos ECTS, ter superado integramente o primeiro curso do máster que xa comezou; nos de 60 créditos ECTS, ter pendente só o TFM.

– Resolución:

Corresponderalle resolver ao reitor. Contra a súa resolución caberá interpoñer un potestativo de reposición.

– Efectos:

O alumnado de simultaneidade entrante coa condición xurídica de solicitante de simultaneidade de estudos, sexa de centros públicos ou de centros adscritos, aprazará o pagamento do prezo da matrícula da titulación da UDC en que solicita a simultaneidade ata se ditar unha resolución positiva.

– Exclusiones:

Para os efectos do que dispón esta normativa, deberase entender que non se trata dun suposto de simultaneidade de estudos, senón dunha soa matrícula ordinaria, aquel en que o alumnado formaliza a súa matrícula a un tempo en dúas ou máis orientacións, dous ou máis itinerarios, mencións, especialidades, ou calquera outra denominación que figure nos plans de estudos, sempre que tras superalos se obteña exclusivamente un título universitario oficial.

7.4. *Programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico*

Os programas de simultaneidade de estudos aprobados polo Consello de Goberno que aparecen a seguir rexeranse pola súa propia normativa:



- Grao en Administración e Dirección de Empresas e grao en Dereito
- Grao en Ciencias Empresariais e grao en Turismo
- Grao en Bioloxía e grao en Química
- Grao en Enxeñaría Mecánica e grao en Enxeñaría Naval e Oceánica
- Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios e grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Grao en Enxeñaría Informática e grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos

Artigo 8. Anulación da matrícula

8.1. Concepto

A anulación da matrícula supón a baixa nos estudos en que o estudantado se matriculou no curso actual.

8.2. Causas

Ata o 09/10/2026 aceptarase sen máis trámite a solicitude que faga o alumnado para anular a matrícula. Máis aló desa data a anulación poderase conceder ben por traslado de expediente; ben por non obter o visado necesario para cursar os estudos, sempre que acredite que solicitou a cita dentro dos 10 días seguintes ao pagamento da súa matrícula.

Tamén se poderá anular a matrícula do alumnado en caso de detectar calquera falsidade nos datos que se consignasen nela ou nas solicitudes e nas acreditacións de bonificacións ou exencións, agás o establecido no apartado 3 do artigo 15.2.8 desta normativa, así como en calquera outra documentación que se achegue.

8.3. Resolución

Por delegación do reitor, corresponderalle resolver ao decanato ou á dirección do centro. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

8.4. Efectos

A anulación da matrícula suporá perder a praza que lle fose adxudicada se se detecta despois de publicar as listaxes correspondentes, sen prexuízo das demais posibilidades en que poida incorrer a persoa solicitante. Tamén comportará que se devolvan os prezos públicos aboados, agás os correspondentes á tarifa 1.^a, nas materias xa avaliadas oficialmente, e á tarifa 3.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos, así como aos seguros.

O alumnado, logo de recibir unha resolución desfavorable da súa solicitude de anulación da matrícula, poderá solicitar a eliminación de materias que establece o artigo 11.

As persoas que teñan a condición de bolseiras deberán enviar un xustificante da súa renuncia á Sección de Bolsas. As persoas solicitantes dunha bolsa, farán chegar á mesma unidade un xustificante de que desisten da súa solicitude, xunto coa correspondente resolución de anulación da matrícula.



Artigo 9. Desistencia da matrícula

9.1. Causas

Entenderase que a persoa interesada desiste da súa solicitude de matrícula por calquera das seguintes causas:

1. Non facer efectivo o importe íntegro da matrícula, ou, no caso do pagamento fraccionado, o importe do 1.º prazo.

Considerarase na mesma situación o alumnado que aboase o importe que lle correspondía tras indicar na matrícula unha exención ou unha solicitude de bolsa, cando, ao non contar finalmente coa dita exención ou bolsa por causa que non sexa a falsidade, non faga efectivo o importe resultante.

2. Non presentar os documentos que acrediten o dereito á exención ou bonificación de prezos públicos que se indique no prazo ordinario dos 10 días seguintes ao de efectuar a matrícula.

3. Non presentar os documentos necesarios para a matrícula e os demandados pola administración do centro ou a UXAI pertinente, así como non atender as demandas do centro ou a UXAI no prazo que lle concedan.

4. Non facer efectiva a matrícula no réxime que corresponda tras denegárselle a solicitude de matrícula a tempo parcial ou adaptada.

5. Non estar correctamente matriculada do número de créditos necesario segundo o establecido nesta normativa, transcorridos 10 días desde a notificación realizada polo centro en que se lle comunica a dita situación.

6. Non estar correctamente matriculada dos créditos de formación básica e obrigatorios que non superou en cursos anteriores, transcorridos 10 días desde a notificación realizada polo centro en que se lle comunica a dita situación.

9.2. Resolución

Por delegación do reitor, corresponderalle declarar a desistencia da matrícula correspóndelle ao decanato ou a dirección do centro. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

9.3. Efectos

A desistencia suporá a devolución dos prezos públicos aboados agás os correspondentes á tarifa 1.^a, nas materias xa avaliadas oficialmente, e á tarifa 3.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos, así como aos seguros.

9.4. Reactivación

A matrícula de que se desistiu poderase reactivar no mesmo curso logo dunha solicitude dirixida ao decanato ou á dirección do centro correspondente, que resolverá por delegación do reitor á vista das circunstancias excepcionais que alegue a persoa interesada. Esta solicitude deberase realizar nun prazo máximo de 10 días que contarán desde o seguinte á notificación ou publicación da desistencia da matrícula. Contra a resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor. A reactivación incluírá o pagamento dunha taxa de 30 € en concepto de gastos de xestión e tramitación.

Artigo 10. Suspensión da matrícula

10.1. Causas

Decidirase suspender a matrícula cando o alumnado realice o pagamento do 1.º prazo, pero non os correspondentes aos prazos 2.º, 3.º ou 4.º, de acordo co procedemento establecido na normativa de aplicación.

10.2. Resolución

Por delegación do reitor, corresponderalle resolver ao decanato ou á dirección do centro. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

10.3. Efectos

A suspensión da matrícula suporá que, a partir da data da resolución, a persoa afectada non figure nas actas das cualificacións oficiais. Se xa estivese cualificada nestas actas, as notas terán a consideración de provisionais ata que se levante a suspensión da matrícula. Esta circunstancia constará en calquera documentación que deba expedir a UDC.

Cando se resolva suspender a matrícula por impagamento, a prestación do servizo principal ofrecido pola UDC ao alumnado, así como a de calquera outro, quedará interrompida no que se refire á titulación afectada. Xa que logo, quedará sen acceso á Secretaría Virtual e a posibilidade de expedir certificados, así como sen acceso a outros trámites administrativos, incluída, de ser o caso, a expedición do seu título.

10.4. Reactivación

A matrícula suspendida poderase reactivar no mesmo curso, por unha única vez, logo dunha solicitude dirixida ao decanato ou á dirección do centro correspondente, que resolverá por delegación do reitor á vista das circunstancias excepcionais que alegue a persoa interesada. Esta solicitude deberase realizar nun prazo máximo de 10 días que contarán desde o seguinte á notificación ou publicación da suspensión. Contra a resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

Artigo 11. Eliminación de materias

11.1. Solicitude e resolución

O alumnado poderá solicitar que se lle eliminen da matrícula unha ou varias materias das que se matriculase no ano académico en curso, coa perda dos efectos académicos das materias eliminadas.

Presentar unha solicitude para eliminar materias da matrícula non suporá o adiamento do pagamento do prazo fraccionado que corresponda, de ser o caso.

A resolución favorable da solicitude de eliminar materias poderá supoñer un cambio no réxime de dedicación en que se matriculou inicialmente o estudantado cando se cumpran os requisitos para iso e a limitación establecida no artigo 3.3.b).

Por delegación do reitor, corresponderalle resolver ao decanato ou á dirección do centro. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

11.2. Supostos de eliminación de materias

11.2.1. Para se poder beneficiar de bolsas neste curso, agás no caso das de carácter xeral convocadas polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes (en diante, MEFPD) para ensinanzas postobrigatorias, a solicitude pode ser presentada de acordo co



seguinte réxime:

1. Ata o 30/10/2026 a resolución favorable suporá a devolución dos prezos públicos correspondentes á tarifa 1.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos.
2. Despois do 30/10/2026, a resolución favorable non suporá a devolución dos prezos públicos correspondentes á tarifa 1.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos respecto das materias eliminadas do primeiro cuadrimestre e anuais.
3. Despois do 31/03/2027, a resolución favorable non suporá a devolución dos prezos públicos correspondentes á tarifa 1.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos respecto das materias eliminadas do segundo cuadrimestre.

En calquera caso, as materias que se vaian eliminar non poden estar cualificadas no ano académico en curso.

Eliminar materias da matrícula suporá, de ser o caso, a supresión do alumnado das actas correspondentes.

11.2.2. No caso do estudiantado de mobilidade saínte, por mor da modificación do seu contrato de estudos, a solicitude deberase presentar da seguinte forma:

1. Estudantes sen solicitude de bolsa do MEFPD: no prazo dun mes desde o inicio do cuadrimestre correspondente na universidade de destino.
2. Estudantes con solicitude de bolsa do MEFPD: ata o 11/12/2026 para todas as materias, sexa do primeiro cuadrimestre, do segundo cuadrimestre ou anuais. As solicitudes presentadas máis aló desta data, e como máximo ata un mes despois do inicio do segundo cuadrimestre na universidade de destino, poderán ser admitidas sempre que a Sección de Bolsas non indique o contrario, logo da consulta que lle faga a administración do centro ou a UXAI a este respecto.

A estimación do pedimento de eliminar materias suporá o dereito á devolución dos prezos públicos correspondentes á tarifa 1.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos. Tamén suporá, de ser o caso, que esas materias se eliminen das actas.

11.2.3. Por causas de forza maior que se producisen de forma sobrevida con posterioridade á data da matrícula

– Motivos:

A solicitude unicamente será estimada por algunha das causas de forza maior que a continuación se indican, sempre e cando se produzan de forma sobrevida con posterioridade á data da matrícula e sexan debidamente acreditadas:

1. Enfermidade.
2. Traballo ou causas de índole profesional.
3. Dificultades económicas da persoa interesada ou da unidade familiar, unha vez que se demostre que o estudiantado solicitou as bolsas ou axudas existentes para realizar estudos universitarios na UDC.
4. Calquera outra causa que se considere equiparable ás anteriores.

– Prazos:

A solicitude deberase presentar nas datas seguintes:



1. Estudantes que non soliciten a bolsa do MEFPD:

a) Materias do primeiro cuadrimestre: ata o 07/01/2027

b) Materias do segundo cuadrimestre e anuais: ata o 18/05/2027

2. Estudantes que soliciten a bolsa do MEFPD: ata o 11/12/2026 para todas as materias, sexan do primeiro cuadrimestre, do segundo cuadrimestre ou anuais. As solicitudes presentadas máis aló desta data poderán ser admitidas sempre que a Sección de Bolsas non indique o contrario, logo da consulta que lle faga a administración do centro ou a UXAI a este respecto.

– Efectos:

A estimación do pedimento de eliminar materias poderá supoñer a devolución dos prezos públicos recollidos no decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos correspondentes ás materias eliminadas, sempre que se presente a solicitude nas seguintes datas:

1. Estudantes que non soliciten a bolsa do MEFPD:

a) Materias do primeiro cuadrimestre e anuais: ata o 30/10/2026

b) Materias do segundo cuadrimestre: ata o 01/04/2027

2. Estudantes que soliciten a bolsa do MEFPD:

a) Materias do primeiro cuadrimestre e anuais: ata 30/10/2026.

b) Materias do segundo cuadrimestre: ata o 11/12/2026. Xerarán o dereito á devolución, igualmente, as solicitudes que se concedan despois deste data, sempre ata o 01/04/2027, como consecuencia da consulta que as administracións dos centros ou das UXAI lle realicen á Sección de Bolsas.

– Límites:

A resolución favorable do pedimento de eliminar materias suporá, de ser o caso, a eliminación das actas e quedará limitada ás seguintes previsións:

1. O estudantado deberá permanecer matriculado dos créditos de formación básica e obrigatoria correspondentes aos cursos anteriores ao máis alto en que estea matriculado.

2. Con independencia de que corresponda ou non eliminar as actas, o estudantado en ningún caso poderá quedar matriculado de menos de 24 créditos ECTS como consecuencia da estimación total ou parcial da súa solicitude.

11.2.4. Para poder cursar o ano académico seguinte un programa de intercambio universitario que conduza a obter unha titulación estranxeira (só para estudos de máster)

Autorizarase exclusivamente eliminar na matrícula a materia correspondente ao traballo de fin de máster, co fin de que o estudantado que asinase un convenio de dobre titulación con universidades estranxeiras poida cursar o ano académico seguinte un programa de intercambio universitario para obter a titulación estranxeira, sempre que obtivese a praza de intercambio solicitada.

O prazo para pedir eliminar esta materia comprenderá os 10 días seguintes ao da publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas na convocatoria de mobilidade correspondente.

Artigo 12. Substitución de materias

12.1. A substitución de materias consiste en eliminar da matrícula unha ou varias materias para matricularse de maneira simultánea noutra ou noutras materias co número de créditos



que se indica en cada caso. As novas materias deben elixirse entre as que estivesen en condición de matrícula durante o período de matriculación. Antes de presentar a solicitude, o estudantado deberá comprobar os requisitos de avaliación que consten nas guías das novas materias en que desexe matricularse.

1. O estudantado de inicio:

- a) Con réxime de dedicación a tempo parcial: unicamente poderá solicitar a substitución de materias en créditos correspondentes a materias do primeiro curso da súa titulación.
- b) Con réxime de dedicación a tempo completo en estudos de grao: non se poderá acoller a esta opción.
- c) Con réxime de dedicación a tempo completo en estudos de máster: poderá solicitar a substitución no número de créditos que considere, sempre que o cambio sexa entre materias optativas do primeiro curso.

2. O estudantado de continuación de estudos poderá solicitar a substitución de materias no número de créditos que considere, coas limitacións establecidas no seu plan de estudos e na normativa que regula a dedicación ao estudo.

Por delegación do reitor, corresponderalle resolver ao decanato ou á dirección do centro. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

12.2. Os prazos máximos para solicitar a substitución de materias son os seguintes:

- 1. Estudantes de mobilidade saíntes: no prazo dun mes desde o inicio do cuadrimestre correspondente na universidade de destino.
- 2. Resto de estudantes:
 - a) Cambios que afectan a materias do primeiro cuadrimestre ou anuais: ata o 24/09/2026.
 - b) Cambios entre materias do segundo cuadrimestre: ata o 23/02/2027.

12.3. Establécense os seguintes límites á substitución de materias:

- 1. Estudantado coa condición de solicitante de bolsa ou de bolseiro do MEFPD:
 - a) Solicitudes presentadas ata o 11/12/2026: os créditos que elimine deben ser substituídos por un número igual ou similar de créditos.
 - b) Solicitudes presentadas despois do 11/12/2026: os créditos que elimine deben ser substituídos por un número igual de créditos. As solicitudes presentadas máis aló desta data, e como máximo ata un mes despois do inicio do segundo cuadrimestre, poderán ser admitidas sempre que a Sección de Bolsas non indique o contrario, logo da consulta que lle faga a administración do centro ou a UXAI a este respecto.
- 2. Estudantado que non solicite as bolsas do MEFPD: os créditos que elimine deben ser substituídos por un número igual ou similar de créditos.

Artigo 13. Ampliación de materias

13.1. A ampliación de materias consiste en incluír na matrícula unha ou varias materias en que inicialmente o estudantado non se matriculou. As novas materias deben ser elixidas entre as que estivesen en condición de matrícula durante o período de matriculación. Antes de presentar a solicitude, o estudantado deberá comprobar os requisitos de avaliación que consten nas guías das novas materias en que se matricule.

Por delegación do reitor, corresponderalle resolver ao decanato ou á dirección do centro.



Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

13.2. Supostos de ampliación de materias:

13.2.1. Para se poder beneficiar de bolsas, agás as de carácter xeral convocadas polo MEFPD para ensinanzas postobrigatorias, a solicitude de ampliación deberase presentar nestes prazos:

- a) Ata o 08/01/2027 para materias do primeiro cuadrimestre.
- b) Ata o 13/05/2027 para materias do segundo cuadrimestre e anuais.

13.2.2. Para estudantes de mobilidade saíntes, por mor da modificación do seu contrato de estudos, a solicitude deberase presentar nas seguintes datas:

1. Estudantes que non soliciten a bolsa do MEFPD: no prazo dun mes desde o inicio de cada cuadrimestre na universidade de destino.

2. Estudantes que soliciten a bolsa do MEFPD:

a) Materias do primeiro cuadrimestre: no prazo dun mes desde o inicio do primeiro cuadrimestre na universidade de destino.

b) Materias do segundo cuadrimestre e anuais: ata o 11/12/2026. As solicitudes presentadas máis aló desta data, e como máximo ata un mes despois do inicio do segundo cuadrimestre na universidade de destino, poderán ser admitidas sempre que a Sección de Bolsas non indique o contrario, logo da consulta que lle faga a administración do centro ou a UXAI a este respecto.

13.2.3. Por ditarse resolución positiva de recoñecementos de créditos, a solicitude deberase presentar no prazo de 10 días naturais que contarán a partir daquel en que se reciba a resolución de recoñecemento de créditos.

Establécense os seguintes límites á ampliación de materias por este motivo:

1. Estudantes que soliciten a bolsa do MEFPD: se a ampliación ten lugar con posterioridade ao 10/12/2026, o número de créditos que se solicite ampliar ten que ser igual que o número de créditos recoñecidos, agás se a Sección de Bolsas indica o contrario, logo da consulta que lle faga a administración do centro ou a UXAI a este respecto.

2. Todo o estudiantado, solicite ou non a bolsa do MEFPD:

a) Estudantes con réxime de dedicación a tempo parcial: a suma dos créditos en que inicialmente se matriculasen, incluídos aqueles xa superados, e dos créditos con que soliciten ampliar a matrícula non poderá ser superior a 48.

b) Estudantes con réxime de dedicación a tempo completo: a suma dos créditos en que inicialmente se matriculasen, excluídos aqueles xa superados, e dos créditos con que soliciten ampliar a matrícula non poderá ser superior ao número máximo de créditos establecido na epígrafe 4.2.a) desta normativa.

Unicamente para estes efectos, os créditos recoñecidos non se terán en conta para o cálculo total dos créditos da matrícula.



13.2.4. Por calquera outra circunstancia non prevista nas epígrafes anteriores, a solicitude deberase presentar nos seguintes prazos:

1. Estudantes que non soliciten a bolsa do MEFPD:

a) Materias do primeiro cuadrimestre ou anuais: ata o 24/09/2026.

b) Materias do segundo cuadrimestre: ata 23/02/2027.

2. Estudantes que soliciten a bolsa do MEFPD:

a) Materias do primeiro cuadrimestre ou anuais: ata o 24/09/2026.

b) Materias do segundo cuadrimestre: ata o 11/12/2026. As solicitudes presentadas máis aló desta data, e como máximo ata o 23/02/2027, poderán ser admitidas sempre que a Sección de Bolsas non indique o contrario, logo da consulta que lle faga a administración do centro ou a UXAI a este respecto.

Establécense os seguintes límites á ampliación de materias recollida nesta epígrafe:

1. Estudantes de inicio:

a) Con réxime de dedicación a tempo parcial: unicamente poderán solicitar ampliar as materias do primeiro curso sen que tal variación supoña un cambio de dedicación. Para considerar o número total de créditos da matrícula deste estudantado aplicarase o recollido no número 2 da epígrafe 13.2.3.

b) Con réxime de dedicación a tempo completo en estudos de grao: non se poderán acoller a esta opción.

c) Con réxime de dedicación a tempo completo en estudos de máster: poderán solicitar a ampliación no número de créditos que consideren, sempre que se trate de materias optativas do primeiro curso.

2. Estudantes de continuación de estudos:

a) Con réxime de dedicación a tempo parcial: non poderán modificar a súa dedicación por mor da ampliación solicitada. O cálculo do número total de créditos da matrícula realizarase conforme se recolle no número 2 da epígrafe 13.2.3.

b) Con réxime de dedicación a tempo completo: o cálculo do número total de créditos da matrícula realizarase conforme se recolle no número 2 da epígrafe 13.2.3.

Artigo 14. Coordinación con procedementos de bolsas

14.1. O estudantado terá que deixar constancia por escrito de que se informou na Sección de Bolsas das consecuencias que podería ter a modificación que demanda na propia solicitude de eliminación, ampliación e substitución de materias, neste último caso, cando o número de créditos inicial e final non sexa o mesmo.

As administracións dos centros ou das UXAI enviarán sempre á Sección de Bolsas unha copia das resolucións de anulación, desistencia e suspensión da matrícula, así como das de eliminación, ampliación e substitución de materias que se ditasen, neste último caso, cando o número de créditos inicial e final non sexa o mesmo.

14.2. Matrícula do alumnado que solicite a bolsa do MEFPD

O alumnado que solicite bolsas deberase matricular ben do curso completo, ben do número mínimo de materias ou créditos que para cada titulación sinale a resolución do MEFPD, respectando sempre o número mínimo de créditos que esixa esta normativa. As materias ou



os créditos recoñecidos non se terán en conta para os efectos do cumprimento dos requisitos académicos que permiten obter bolsas. En ningún caso entrarán a formar parte dos créditos mínimos aqueles correspondentes a distintas especialidades ou que superen os precisos para obter o título de que se trate.

No caso de estar afectado por unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65 %, o alumnado poderase acoller á matrícula a tempo completo na súa modalidade de matrícula reducida, nos termos que estableza a orde mencionada.

TÍTULO III. Prezos públicos

Artigo 15. Prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos

15.1. Pagamento dos prezos públicos

O alumnado que formalice a súa matrícula en calquera dos cursos dos estudos que conducen a obter títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional satisfará os prezos públicos por servizos académicos e administrativos que establece o decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos, así como os que estableza a propia UDC.

Non obstante, o alumnado coa matrícula declarada en suspenso por falta de pagamento no curso anterior, cando solicite matricularse de novo na UDC, na mesma ou noutra titulación, deberá pagar antes os atrasos que lle correspondan.

15.2. Exencións e bonificacións no pagamento dos prezos públicos

Se o alumnado é beneficiario dalgunha bonificación ou exención das recollidas nesta normativa, deberao indicar no momento de formalizar a matrícula e acreditalo nun prazo máximo de 10 días, que contarán desde o seguinte ao da matrícula.

15.2.1. Matrícula de honra

1. O alumnado de grao e de máster universitario que obteña créditos coa mención de matrícula de honra estará exento de pagar os prezos públicos fixados na tarifa 1.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos, para as materias en que se matricule por primeira vez, nun número equivalente ao dos créditos de que consten as materias en que obtivese a dita mención, sempre no curso inmediatamente seguinte a aquel en que obteña a dita mención, cando pertencen aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento.

Esta exención aplicarase do mesmo xeito no caso de cursar unha segunda titulación de grao ou máster universitario na mesma rama de coñecemento e no curso inmediatamente seguinte a aquel en que se obtivo a dita mención.

Esta exención aplicarase tamén no caso de cursar o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, independentemente da rama de coñecemento a que estea adscrito o grao de procedencia.

2. Terá dereito á exención do pagamento dos prezos públicos fixados na tarifa 1.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos, por unha soa vez, no primeiro curso de ensinanza de grao, o alumnado que inicie estudos universitarios e acredite que obtivo:

- a) unha matrícula de honra global no segundo curso de bacharelato ou ciclo formativo de formación profesional de grao superior;
- b) un premio extraordinario de bacharelato ou de formación profesional de grao superior;



c) unha medalla en olimpíadas académicas acreditadas de ámbito nacional ou internacional.

3. En ningún caso a bonificación poderá superar o importe total da matrícula.

Non se terá dereito a esta bonificación no caso de que a matrícula de honra sexa consecuencia da validación de materias ou do recoñecemento de créditos.

As bonificacións aplicaranse unha vez calculado o importe da matrícula, con base no prezo establecido por crédito nunha primeira matrícula.

15.2.2. Familias numerosas

O alumnado que sexa membro de familias numerosas de categoría xeral ten dereito a unha bonificación dun 50 % nos prezos públicos por servizos académicos e administrativos establecidos en todas as tarifas do anexo do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos.

O alumnado que sexa membro de familias numerosas de categoría especial ten dereito á exención total do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos establecidos en todas as tarifas do anexo do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos.

Esta situación acreditarase co documento oficial expedido pola administración autonómica competente, que deberá estar vixente no prazo de matrícula fixado pola UDC, ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito, mediante unha copia simple. Só se esixirá mostrar o documento orixinal cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia ou cando así o esixa a relevancia do documento no procedemento.

Se no prazo indicado no apartado 15.2 o título de familia numerosa estivese en tramitación, poderanse obter os referidos beneficios acreditando no centro ou na UXAI que se presentou a solicitude de recoñecemento ou renovación, así como presentando unha declaración responsable da categoría en que a familia numerosa queda clasificada. O alumnado con idades comprendidas entre os 21 e os 25 anos que necesite achegar o seu xustificante de matrícula para obter a condición de membro de familia numerosa deberá presentar unha declaración responsable desta circunstancia no prazo indicado no apartado 15.2. Se antes do 31/12/2026 non se presentase a xustificación do título, anularanse automaticamente os beneficios concedidos e procederase ao requirimento do pagamento do importe íntegro da matrícula.

Cando o título concedido fose de inferior categoría á declarada, deberase aboar a diferenza que corresponda.

15.2.3. Persoas con discapacidade

As persoas que cun grao de discapacidade recoñecido cuxa porcentaxe determinada sexa igual ou superior ao 33 % teñen dereito á exención total do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos establecidos en todas as tarifas do anexo do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos.

Esta situación acreditarase no prazo indicado no apartado 15.2 coa resolución expresa sobre o recoñecemento do grao de discapacidade que emitise a Xunta de Galicia ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito mediante unha copia simple. Só se esixirá mostrar o documento orixinal cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia ou cando así o esixa a relevancia do documento no procedemento.



Tamén poderá acollerse á exención do pagamento dos prezos públicos, no prazo indicado no apartado 15.2, o alumnado que solicitase no organismo competente a valoración do grao de discapacidade antes do inicio do prazo de matriculación nos estudos a que desexa acceder. Deberá presentar unha xustificación desta circunstancia e de que lle comunicou ao citado organismo o carácter de urxencia que reviste o trámite conforme a normativa correspondente.

Se non se acreditase o recoñecemento da discapacidade antes do 31/12/2026, a UDC, de xeito cautelar, requirirá que se aboén os prezos públicos non pagados. A persoa interesada terá dereito a reclamar a súa devolución posterior, unha vez que poida acreditar a discapacidade.

15.2.4. Persoal empregado público da UDC

O alumnado ao cal se lle recoñeza o dereito á matrícula gratuíta na normativa da UDC terá dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos e administrativos establecidos na tarifa 1.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos. A exención é aplicable tamén no seu caso ás solicitudes de recoñecemento de créditos que obteñan unha resolución favorable.

O procedemento para aplicar esta exención será o seguinte:

- a) Alumnado con exención de persoal empregado público da UDC que se matricula na UDC: marcará a opción da exención na aplicación informática no momento de facer a matrícula e non pagará os prezos públicos por servizos académicos universitarios (tarifa 1.^a).
- b) Alumnado con exención de persoal empregado público da UDC que se matricula na Universidade de Santiago de Compostela (USC) ou na Universidade de Vigo (UVigo) pagará o importe da matrícula na universidade correspondente e poderá presentar unha petición de reintegro dos prezos públicos por servizos académicos universitarios (tarifa 1.^a) dirixida á Xerencia.

Esta situación acreditarase coa documentación que establece a normativa correspondente da UDC ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito mediante unha copia simple. Só se esixirá mostrar o documento orixinal cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia ou cando así o esixa a relevancia do documento no procedemento.

15.2.5. Vítimas de actos terroristas

As vítimas de actos terroristas, cónxuxes e fillos e fillas estarán exentos de todo tipo de taxas e prezos polos servizos académicos e administrativos dos establecidos no decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos.

Esta situación acreditarase ben mediante o informe preceptivo do Ministerio do Interior, ben mediante o recoñecemento por parte da Administración xeral do Estado dunha pensión extraordinaria por acto de terrorismo, ben por sentenza xudicial firme ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito mediante unha copia simple. Só se esixirá mostrar documento orixinal cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia ou cando así o esixa a relevancia do documento no procedemento.

15.2.6. Vítimas de violencia de xénero

O alumnado que sufra violencia de xénero, así como aquel cuxas persoas proxenitoras a sufran, ten dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos establecidos nas tarifas 1.^a e 2.^a do decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos.



Esta situación acreditarase por calquera dos medios que se citan a continuación ou, de ser o caso, por calquera medio de proba admisible en dereito mediante unha copia simple. Só se esixirá mostrar o documento orixinal cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia ou cando así o esixa a relevancia do documento no procedemento:

1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a persoa sufriu violencia de xénero.
3. Certificación dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
4. Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
5. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
6. Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
7. Calquera outro que se estableza regulamentariamente.

Unha vez que se declare a exención por este motivo, manterase durante o período ordinario de realización deses estudos.

15.2.7. Prestación do ingreso mínimo vital

As persoas beneficiarias da prestación do ingreso mínimo vital ás cales se lles recoñeza a dita condición estarán exentas de pagar os prezos públicos por servizos académicos universitarios para realizar estudos conducentes a obter títulos de carácter oficial. En consecuencia, deberán aboar unicamente os prezos da tarifa 3.^a e os seguros.

A condición de persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital acreditarase mediante a resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital. No caso de que a resolución teña máis dun ano de antigüidade deberase acreditar que a persoa titular segue a ser beneficiaria desta prestación.

15.2.8. Bonificación por créditos superados en primeira matrícula

O estudantado dos centros propios e adscritos das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia (SUG) terá dereito a unha bonificación equivalente ao 99 % do prezo dos créditos que superase en primeira matrícula nos estudos de grao nos termos seguintes:

1. Alumnado de novo ingreso:

Para acceder á bonificación, o alumnado de novo ingreso deberá cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Superar nalgunha das convocatorias de 2026 a parte obrigatoria da proba de acceso á universidade (PAU) ou ben as probas específicas para maiores de 25 e 45 anos organizadas pola CiUG.
- b) Superar no curso 2025/26 un ciclo formativo de grao superior.
- c) Obter no curso 2025/26 o *diplôme du Baccalauréat* ou o diploma de bacharelato internacional nun centro educativo de Galicia do programa de dobre titulación de bacharel e *baccalauréat (Bachibac)*, ou que conte coa autorización da Organización de Bacharelato Internacional. Nestes casos deberá achegar a acreditación da UNEDAssis.

2. Alumnado de continuidade:

Para acceder á bonificación, o alumnado de continuidade deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Cursar estudos de grao no curso 2025/26 nalgún centro propio ou adscrito a unha universidade pública do SUG.
- b) Estar matriculado no curso 2026/27 de, como mínimo, 60 créditos en primeira matrícula nalgún centro propio ou adscrito a unha universidade pública do SUG. Cando lle reste un número inferior de créditos para obter a titulación, deberá estar matriculado na totalidade deses créditos.

Cando a porcentaxe de créditos superada no curso 2025/26 imposibilite cumprir o requisito de estar matriculado, como mínimo, de 60 créditos en primeira matrícula, a bonificación aplicarase sempre e cando o alumnado formalice a matrícula no número máximo de créditos que permita a normativa interna da universidade correspondente.

- c) Ter superadas no curso 2025/26, como mínimo, as seguintes porcentaxes de créditos en que se matriculase:

Rama ou área de coñecemento	Porcentaxe de créditos que hai que superar
Artes e Humanidades	90 %
Ciencias	65 %
Ciencias Sociais e Xurídicas	90 %
Ciencias da Saúde	80 %
Enxeñaría e Arquitectura	65 %

- d) Cando se trate de programas de simultaneidade de graos pertencentes a distintas ramas ou áreas de coñecemento, o rendemento académico necesario para obter a bonificación será o establecido para a rama de menor esixencia.

- e) No caso de facer unha matrícula a tempo parcial, para obter a bonificación será necesario ter superada a totalidade dos créditos en que se matriculou no curso 2025/26.

- f) No caso dun cambio de estudos de grao de carácter oficial na mesma universidade ou entre universidades públicas do SUG, poderá obterse a bonificación por unha soa vez sempre e cando cumpra os requisitos establecidos nos apartados anteriores.

Para os efectos da bonificación, tomaranse en consideración os créditos correspondentes ás materias superadas en primeira matrícula no curso 2025/26.

3. Persoas beneficiarias da bolsa de matrícula do MEFPD:

A bonificación aplicaráselle ao importe da matrícula do curso 2026/27 que non estea cuberta pola bolsa do MEFPD. Para estes efectos, o estudantado que reúna os requisitos académicos para obter a dita bolsa terá en conta o seguinte:

- a) Se foi beneficiario da bolsa do MEFPD durante o curso 2025/26, deberá achegar a solicitude de bolsa para o curso 2026/27, presentada en prazo e forma, ou ben autorizar a universidade para comprobar este aspecto.



b) Se non foi beneficiario da bolsa do MEFPD durante o curso 2025/26, deberá ben acreditar a solicitude da dita bolsa para o curso 2026/27, nos termos da letra anterior, ou ben presentar, no momento de formalizar a matrícula, unha declaración responsable de que non cumpre os requisitos económicos para obtela, segundo o establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O feito de non achegar a solicitude ou a falsidade, a inexactitude ou a omisión de datos necesarios na declaración responsable dará lugar ao ingreso da parte do prezo público que se considerou bonificada, cos xuros e as recargas que procedan.

En todo caso, para acceder á bonificación, o alumnado de continuidade deberá cumprir os requisitos establecidos no punto 2 deste artigo.

4. Créditos bonificables:

Só serán obxecto de bonificación os créditos que sexan necesarios para obter un só título de grao por estudante, dos que se matricule por vez primeira, agás no caso de programas de simultaneidade, nos cales a bonificación será aplicable aos créditos correspondentes a ambos os graos, conforme o plan de estudos en que se matricula o alumnado.

Non lles será de aplicación a bonificación ás persoas que xa conten cun título universitario de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, diplomatura, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

5. Recoñecemento e transferencia de créditos:

Esta bonificación aplicaráse nos supostos de recoñecemento e transferencia de créditos nos seguintes casos:

- Por acceso desde un ciclo formativo de grao superior.
- Por cambio de estudos de grao de carácter oficial na mesma universidade ou entre universidades públicas do SUG e por unha soa vez.
- Por estudos realizados en programas de mobilidade estudantil, xa sexan no marco da Unión Europea xa se trate daqueles efectuados mediante convenios específicos entre universidades, sempre conforme o correspondente acordo académico de mobilidade asinado polo estudantado.

6. Cálculo da bonificación:

O prezo de referencia para o cálculo da bonificación para o estudantado de grao de centros propios das universidades públicas do SUG será o establecido no decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos para o crédito en primeira matrícula dos estudos de grao en que se matricule.

O importe da bonificación será o 99 % da contía da totalidade dos créditos en que se matricule no caso de estudantado de novo ingreso. Para o alumnado de continuidade, o importe da bonificación será o 99 % do resultante de multiplicar o número de créditos aprobados en primeira matrícula no curso 2025/26 polo prezo do crédito.

A bonificación aplicaráselles, como máximo, aos prezos públicos correspondentes ao número de créditos en primeira matrícula en que se matricule o estudantado, exclusivamente sobre os servizos académicos, sen que poida dar lugar, en ningún caso, á devolución de importes.



Esta bonificación efectuarase logo de aplicar calquera outra bonificación e/ou exención recollida no decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos ou no resto de normativa vixente.

7. Estudantado de centros adscritos

No caso do estudantado matriculado en centros adscritos ás universidades públicas do SUG, a bonificación aplicarase sobre a parte que lle deba aboar á UDC en concepto de expediente académico e proba de avaliación, de conformidade co disposto no artigo 3.

8. Información ao estudantado

No documento resultante do proceso de matrícula, dixital ou impreso, deberá constar a contía da bonificación aplicada, con indicación de que se trata dunha bonificación concedida pola Xunta de Galicia. Para tal efecto, incluírase o texto «Bonificación 99 % pola Xunta de Galicia».

15.3. Formas de pagamento dos prezos públicos

O alumnado seleccionará a forma de pagamento no momento de facer a matrícula, de acordo coas seguintes opcións:

a) Domiciliación bancaria: implicará o pagamento íntegro do importe da matrícula e esixirá a entrega da autorización da domiciliación (orde SEPA) na administración do centro ou a UXAI. Non se admitirán domiciliacións para o pagamento dos prezos públicos de matrícula despois do 01/12/2026.

b) Pagamento en efectivo ou con tarxeta: implicará a posibilidade de optar polo pagamento íntegro ou fraccionado en catro prazos. Poderase realizar a través da pasarela de pagamentos das entidades financeiras colaboradoras que así o dispoñan ou de forma presencial nas súas oficinas. Neste último caso, o alumnado deberá imprimir e presentar o correspondente documento de pagamento.

c) Factura (por unha empresa, institución ou profesional): se o alumnado selecciona esta opción na aplicación informática de matrícula, implicará o pagamento íntegro do importe da matrícula. Posteriormente, o alumnado deberá cubrir o impreso de emisión de factura e presentalo na administración ou na UXAI do seu centro a través do módulo denominado «Solicitud de instancias» da Secretaría Virtual.

O pagamento dos prezos públicos de matrícula, xunto co dos correspondentes á apertura do expediente, a expedición e o mantemento da tarxeta do alumnado e, de ser o caso, a taxa de tramitación e as recargas, pódese domiciliar, realizarse en efectivo ou con tarxeta, ou ser aboados mediante factura (por unha empresa, institución ou profesional). O pagamento dos seguros pódese domiciliar ou realizar en efectivo ou con tarxeta.

A selección por pagamento íntegro ou fraccionado, suporá o seguinte:

1. Pagamento íntegro: aboamento da totalidade do importe da matrícula nun prazo de 10 días naturais que comezarán a contar o día da matrícula.

2. Pagamento fraccionado: repartición do importe da matrícula en catro prazos:

a) Primeiro prazo: 100 % do importe da tarifa 3.^a e, de ser o caso, do seguro, amais do 40 % do importe da tarifa 1.^a, que se aboarán nun prazo de 10 días naturais que comezarán a contar o día da matrícula.



b) Segundo prazo: 30 % do importe da tarifa 1.^a, que se aboará entre os días 11-20/11/2026 (ambos incluídos)

c) Terceiro prazo: 20 % do importe da tarifa 1.^a, que se aboará entre os días 13-22/01/2027 (ambos incluídos).

d) Cuarto prazo: 10 % do importe da tarifa 1.^a, que se aboará entre os días 03-12/03/2027 (ambos incluídos).

As administracións ou as UXAI deberán comprobar o efectivo pagamento dos importes das matrículas e, de ser o caso, xestionar as reclamacións de pagamento, non mais aló dos seguintes prazos:

- 1.º prazo: 30/10/2026
- 2.º prazo: 11/12/2026
- 3.º prazo: 12/02/2027
- 4.º prazo: 26/03/2027

Unha vez que finalice o prazo para facer o pagamento tras ser reclamado, as desistencias e as suspensións que procedan deberanse xestionar no prazo dun mes.

15.4. Atraso no pagamento

Establecerase unha recarga por un importe de 30 € en concepto de gastos de xestión e tramitación nos seguintes casos:

1. Impagamento do prazo único ou do 1.º prazo antes da desistencia da matrícula por parte do centro.
2. Impagamento do 2.º, 3.º ou 4.º prazo (a recarga aplicaráselle a cada prazo non aboado).
3. Impagamento das taxas da tarifa 1.^a tras formalizar a matrícula polo pagamento das taxas da tarifa 3.^a e/ou seguros.
4. Falsidade ao declarar que se solicitou a bolsa do MEFPD.

15.5. Solicitantes de bolsa

15.5.1. O alumnado de centros propios ou adscritos coa condición xurídica de solicitante da bolsa de estudos do MEFPD aprazará o pagamento dos prezos públicos das materias en que se matricule por primeira vez ata se resolver a súa petición. Non obstante, e sen prexuízo da tramitación da solicitude de bolsa, o alumnado que non reúna os requisitos académicos esixidos pola correspondente orde do MEFPD deberá realizar o pagamento da matrícula. De se lle conceder posteriormente a bolsa, poderá solicitar a devolución deste pagamento. De non pagar o prezo da matrícula seralles de aplicación o establecido no artigo 9.

No caso do alumnado solicitante ou beneficiario dunha bolsa distinta ás do MEFPD, para que se poida acoller á exención do pagamento dos prezos públicos, este beneficio deberá figurar explicitamente ben na convocatoria a que se presente ou ben na resolución ou o acordo pertinentes, así como tamén a compensación do importe correspondente á universidade.

O alumnado bolseiro do MEFPD só ten dereito á exención do pagamento dos prezos públicos das primeiras matrículas. Non entrarán a formar parte da bolsa de matrícula aqueles créditos que excedan o número mínimo preciso para obter a titulación de que se trate. Tampouco formarán parte da bolsa de matrícula os prezos públicos que cómpre aboar polos recoñecementos de créditos. Agás que na propia convocatoria se indique o contrario, o alumnado solicitante de bolsa deberá liquidar o pagamento dos seguros establecidos no



artigo 21 destas normas e dos prezos de secretaría.

15.5.2. O alumnado que, no momento de formalizar a súa matrícula, se acolla á exención do pagamento dos prezos públicos por ter solicitada a concesión dunha bolsa, no caso das bolsas do MEFPD, pode descargar o xustificante na plataforma das bolsas; nos restantes supostos deberá presentar o resgardo que acredite a súa solicitude ou documentación equivalente.

15.5.3. A Sección de Bolsas enviaralles ás administracións dos centros ou ás UXAI a relación do alumnado a que se lle concede a bolsa do MEFPD e daquel cuxa solicitude se desestimou. No caso das restantes bolsas, o alumnado deberá informar da súa concesión ou denegación nun prazo de cinco días naturais desde que reciba a resolución, con independencia das comprobacións que poidan realizar as administracións ou as UXAI.

15.5.4. No caso de que a solicitude de bolsa fose desestimada ou revogada polo órgano competente, e con independencia dos recursos que se presenten contra esa decisión, o alumnado deberá pagar o importe dos prezos públicos da súa matrícula, de acordo con calquera destes procedementos:

a) Pagamento único: para efectuar este pagamento o alumnado solicitará a liquidación dos prezos correspondentes nun prazo non superior aos cinco días naturais seguintes ao de recibir a notificación da denegación da solicitude da bolsa, ou do requirimento que efectúe a administración do centro ou a UXAI, de ser o caso.

b) Pagamento fraccionado no módulo de matrícula: cobrarase o importe que corresponda ao/s prazo/s xa transcorrido/s no momento en que se resolva a denegación da bolsa. O alumnado solicitará a liquidación correspondente nun prazo non superior aos cinco días naturais seguintes ao de recibir a notificación da denegación da solicitude da bolsa, ou do requirimento que efectúe a administración do seu centro ou a UXAI, de ser o caso. O importe restante imputarase ao/s prazo/s seguinte/s.

c) Pagamento fraccionado extraordinario: no caso de que a resolución da denegación da bolsa se emita despois do 25/09/2026, poderase optar por un pagamento fraccionado en dous prazos: cobrarase o 50 % do importe nos cinco días naturais seguintes ao de recibir a notificación da denegación da solicitude da bolsa, ou do requirimento que efectúe a administración do seu centro ou a UXAI, de ser o caso; e o 50 % restante no cuarto prazo previsto no artigo 15.3. Para efectuar estes pagamentos o alumnado solicitará nos prazos indicados as liquidacións pertinentes na administración do centro ou a UXAI.

O impagamento en calquera destas situacións rexerase polo establecido no punto 3 do artigo 15.4.

Artigo 16. Recoñecementos e transferencias de créditos

16.1. Solicitude

A solicitude de recoñecemento de créditos presentarase e resolverase nos prazos sinalados no punto 2 do anexo I. Acompañarase da documentación prevista na normativa de aplicación da UDC, así como da esixida polas administracións dos centros ou das UXAI.

Excepcionalmente, o alumnado que teña pendente conseguir o recoñecemento de créditos poderá formalizar de forma presencial a matrícula no TFG ou no TFM, que quedará condicionada ao dito recoñecemento. Con esta finalidade, o recoñecemento de créditos poderase efectuar fóra dos prazos ordinarios.



Se calquera dos procedementos enunciados alterase a matrícula que o alumnado solicitante de bolsa fixo con anterioridade, este alumnado terá que deixar constancia por escrito na propia solicitude de que se informou na Sección de Bolsas das consecuencias que se poderían derivar da súa petición. As unidades administrativas remitiranlle unha copia da resolución ditada á unidade competente na tramitación dos procedementos de solicitude de bolsas.

16.2. Resolución

Por delegación do reitor, as solicitudes de recoñecemento e transferencia de créditos serán resoltas polo decanato ou a dirección do centro. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

A resolución de calquera destas solicitudes só produce efecto no propio curso en que se dita.

16.3. Pagamento dos prezos públicos por recoñecementos ou transferencias

Por realizar estes trámites pagaranse os prezos que para cada curso sexan fixados polo correspondente decreto da Xunta de Galicia de prezos públicos, agás que unha norma da UDC estableza un prezo diferente ou a súa gratuidade.

Seguindo o procedemento vixente en materia de pagamento dos prezos públicos por servizos académicos universitarios, este farase efectivo no prazo que se sinala na liquidación que emita a administración do centro ou a UXAI.

A efectividade dos recoñecementos queda condicionada a que se efectúe o pagamento dos prezos correspondentes.

Artigo 17. Realización dunha segunda mención ou especialidade nun grao ou nun máster

17.1. As persoas tituladas pola UDC nun grao ou máster que finalizasen os seus estudos coa obtención dunha mención ou especialidade poderán proseguir os estudos académicos noutra mención ou especialidade, se lle realizan a correspondente solicitude ao decanato ou á dirección do centro.

Para a admisión deste alumnado establecerase unha cota máxima do 20 % sobre as prazas ofrecidas para o primeiro curso por primeira vez. Seleccionarase tendo en conta os expedientes académicos.

Excepcionalmente, os centros poderán ofrecer porcentaxes superiores ou inferiores de prazas en determinadas titulacións, segundo o número de solicitudes que poidan ser atendidas, logo de comprobar a capacidade ou a dispoñibilidade existente. Neste caso deberase publicar o acordo que adopte o órgano competente, que deberá ser motivado.

17.2. O alumnado titulado por outra universidade poderase acoller ao que figura na disposición adicional 13.^a do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

Artigo 18. Cambio da modalidade de impartición do ensino para alumnado de continuación

O estudantado matriculado nunha titulación de grao ou máster da UDC que posúa máis dunha modalidade de impartición do ensino poderá solicitar un cambio de modalidade nos prazos que constan no punto 1.1 do anexo 1.



Para autorizar estes cambios da modalidade de impartición do ensino, establécese unha cota máxima do 20 % sobre o número de prazas ofrecidas no inicio dos estudos. O alumnado seleccionárase tendo en conta os expedientes académicos.

Excepcionalmente, os centros poderán ofrecer porcentaxes superiores ou inferiores de cambios de modalidade en determinadas titulacións, segundo o número de solicitudes que poidan ser atendidas, logo de comprobar a capacidade ou a dispoñibilidade existente. Neste caso deberase publicar o acordo que adopte órgano competente, que deberá ser motivado.

TÍTULO IV. Procedemento de matrícula e documentación para entregar

Artigo 19. Matrícula por internet. Normas xerais

O alumnado de estudos oficiais de calquera nivel da UDC matricularase por internet, agás naqueles casos que esta norma sinala de forma expresa.

19.1. Procedemento

O alumnado de estudos oficiais da UDC matricularase a través das ligazóns habilitadas para este fin na páxina web desta universidade, a través dalgún destes procedementos:

1. Por internet cos seus propios medios.
2. Por internet co equipamento informático que porá ao seu dispor cada centro e a información que se lle facilite na administración do centro ou a UXAI.
3. De forma presencial a través da administración dos centros ou as UXAI, suposto en que deberá aboar a taxa correspondente por esa xestión (10 €).

Despois de confirmar a súa matrícula, o estudantado que elixa facer o seu pagamento nunha entidade bancaria imprimirá unha copia para entregar nela.

19.2. Documentación

Coa solicitude de matrícula deberase entregar a documentación que corresponda na administración do centro en que se imparta a titulación que se vai cursar ou a UXAI correspondente, de acordo co sinalado nesta normativa, nun prazo máximo de 10 días naturais que contarán a partir da data da solicitude de matrícula.

En todo caso, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Se non se entrega esta documentación no prazo sinalado, entenderase que o alumnado desiste da súa solicitude de matrícula, que se arquivará de acordo co disposto no artigo 9.

Artigo 20. Efectos da matrícula

A matrícula levada a cabo de conformidade coas normas apuntadas comportará para o alumnado o seguinte:

- a) O dereito e o deber de asistencia ás clases teóricas e ás prácticas das materias en que así se estableza, amais da realización dos traballos complementarios adecuados e precisos para a avaliación da materia segundo a súa guía docente.

Quedan exceptuadas desta obriga de asistencia as seguintes materias:

1. As materias de cursos extinguidos.



2. As optativas que se ofrecen no curso anterior das que o alumnado estivese matriculado pero que non superase e que non se impartan no curso 2026/27. Xa que logo, a matrícula nestas materias é sen dereito a docencia.

3. As materias respecto das que se concedese a dispensa académica de asistencia ás actividades formativas síncronas, co alcance establecido na súa guía docente.

b) O dereito a ser cualificado nas oportunidades que regulamentariamente se efectúen durante o curso, sen prexuízo das incompatibilidades académicas derivadas dos programas de estudos.

Artigo 21. Seguros

O pagamento do seguro escolar (INSS) será obrigatorio para o estudantado español, para o estudantado nacional dos estados membros do espazo europeo de educación superior (EEES) e para o resto do estudantado estranxeiro residente que formalice a súa matrícula en estudos oficiais e sexa menor de 28 anos.

O estudantado maior de 28 anos, o estudantado estranxeiro non residente e todo o estudantado entrante de mobilidade internacional ten a obriga de subscribir o seguro que contrate a UDC, conforme se indica no proceso de matrícula. Porén, aquel estudantado que pertenza a programas específicos que impliquen a obriga de contratar outro seguro coas coberturas mínimas esixibles non terá que o aboar.

Tendo en conta que a matrícula do alumnado entrante de mobilidade internacional se formaliza presencialmente na Oficina de Relacións Internacionais, o persoal desta oficina debe suprimir na propia aplicación informática a obriga de efectuar este pagamento nos casos mencionados, tras informar a persoa interesada de que, en calquera caso, pode manifestar a súa vontade de subscribir tal seguro.

O estudantado español, o nacional dos estados membros do EEES e o resto do estudantado estranxeiro residente que formalice a súa matrícula en estudos oficiais, sempre que sexa menor de 28 anos, poderá subscribir voluntariamente un seguro idéntico ao anterior como complemento do seguro escolar.

O estudantado estará obrigado a subscribir unha póliza de seguro para aqueles estudos que así o requiran.

Artigo 22. Traslado do expediente

22.1. O alumnado deberá realizar trasladar o seu expediente nos seguintes casos:

1. Traslado á UDC:

a) Alumnado de estudos de grao que obtivo acceso á universidade fóra do sistema universitario galego e non iniciou aínda estudos universitarios.

b) Alumnado de estudos de grao e máster que xa iniciou estudos en calquera universidade distinta á UDC.

2. Traslado desde a UDC:

a) Alumnado de estudos de grao que obtivo acceso á universidade a través de centros vinculados á UDC e non iniciou estudos universitarios nesta universidade.

b) Alumnado de estudos de grao e máster que xa iniciou estudos na UDC.



O suposto do apartado 2.a) tramitarase na Sección de Admisión de Graos e Másteres. Do resto dos supostos encargaranse as administracións dos centros ou as UXAI respectivas.

22.2. O alumnado que teña que efectuar o traslado do expediente á UDC deberá solicitar a carta de admisión na administración do centro ou a UXAI da titulación en que foi admitido ou presentar o seu resgardo de matrícula. Posteriormente entregará o resgardo acreditativo do pagamento do traslado.

22.3. O alumnado que se traslade desde a UDC deberá presentar a carta de admisión ou o resgardo de matrícula na administración ou a UXAI do centro desde o que se trasladará, amais de aboar as taxas do traslado do expediente.

TÍTULO V. Normativa específica de grao

Artigo 23. Cambio de universidade e/ou estudos

23.1. Supostos

Poderá obter o cambio de universidade e/ou estudos o alumnado a que se lle recoñeza un mínimo de 30 créditos ECTS na titulación da UDC en que solicita a admisión e que se atope nalguna das seguintes situacións:

- a) Alumnado con estudos universitarios parciais cursados na UDC.
- b) Alumnado con estudos universitarios parciais cursados noutra universidade española distinta da UDC.
- c) Alumnado con estudos universitarios parciais cursados nunha universidade estranxeira.
- d) Alumnado con estudos universitarios totais cursados nunha universidade estranxeira, sempre que non se atope nalgún dos seguintes supostos:
 - Que iniciase o procedemento de solicitude de homologación ou de declaración de equivalencia do seu título.
 - Que se lle concedese a homologación do seu título.
 - Que se lle denegase a homologación do seu título polos motivos indicados no artigo 4.2.b) e c) do Real decreto 889/2022, do 18 de outubro.
 - Que se lle denegase a declaración de equivalencia do seu título polos motivos indicados no artigo 4.2.d) do Real decreto 889/2022, do 18 de outubro.

23.2. Cota de admisión

Para a admisión de estudantado de continuación de estudos establécese unha cota máxima do 20 % do número de prazas ofrecidas no inicio dos estudos. Seleccionarase tendo en conta os expedientes académicos.

Excepcionalmente, os centros poderán ofrecer porcentaxes superiores ou inferiores de prazas en determinadas titulacións, segundo o número de solicitudes que poidan ser atendidas, logo de comprobar a capacidade ou a dispoñibilidade existente. Neste caso deberase publicar o acordo que adopte o órgano competente, que deberá ser motivado.

Enténdese que o cambio que pode solicitar calquera alumna ou alumno entre as titulacións de grao en Enfermaría e entre as titulacións de grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, que se imparten en centros propios no campus de Ferrol e en centros adscritos no campus da Coruña, non supón máis que un cambio de centro, por se tratar da mesma

universidade e das mesmas titulacións. Así, o réxime de cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais establecido neste título non lle resultará de aplicación, agás no que teña que ver coa posible limitación de prazas en cada centro.

Para estes efectos, se o alumnado solicita un cambio de centro para a mesma titulación, o centro ou a UXAI de orixe enviaralle unha copia do seu expediente ao centro ou a UXAI de chegada. O centro ou a UXAI de orixe quedará co expediente orixinal do alumnado, ao cal incorporará unha dilixencia que dea conta desta circunstancia.

23.3. *Solicitud*

A solicitude presentarase na administración do centro en que se imparten os estudos que pretende cursar ou na UXAI correspondente no prazo indicado no anexo I desta normativa, acompañada da seguinte documentación, segundo o caso:

a) Alumnado con estudos universitarios parciais cursados na UDC: non terá necesidade de achegar ningunha documentación.

b) Resto de supostos:

- Copia do documento de identidade.
- Certificación académica persoal (CAP) ou suplemento europeo ao título (SET).
- Guías docentes ou programas selados das materias utilizadas para o recoñecemento, con sinatura electrónica ou manual, referidos aos cursos académicos en que a persoa solicitante superou as materia/s de orixe. Nesta documentación recolleranse os contidos e as competencias adquiridas, a carga lectiva en créditos ou o número de horas semanais, alén do carácter anual ou cuatrimestral das materias. Non será necesaria respecto dos recoñecementos xa incluídos nas táboas correspondentes.
- Tanto a guía docente como o programa poden ser substituídos por unha ligazón oficial á súa publicación en internet, sempre que sexa un estudo nacional vixente na data da solicitude.
- Ademais no caso de estudos estranxeiros finalizados, presentarase o documento que corresponda de entre os seguintes, en función da situación en que se atope a persoa solicitante de entre as recollidas na letra d) do apartado 23.1:
 - Declaración responsable de que non solicitou a homologación do título
 - Copia da credencial de denegación da homologación
 - Copia da credencial de declaración de denegación de equivalencia

23.4. *Resolución*

Por delegación do reitor, corresponderalles resolver as solicitudes aos decanatos e as direccións dos centros, de acordo coa nota media do expediente de orixe actualizado na data de finalización do prazo de solicitudes. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

De ser o caso, cando se emita unha resolución desestimatoria, as persoas solicitantes poderán acceder á universidade polo procedemento xeral de admisión.

O alumnado solicitante tamén terá que superar aquelas probas específicas que a UDC estableza para o acceso a determinadas ensinanza, de ser o caso.



As solicitudes de cambio de universidade e/ou estudos universitarios realizadas fóra do prazo que se fixe para tal fin, por delegación do reitor, resolveranas os decanatos ou as direccións dos centros. Poderanse resolver favorablemente sempre que haxa prazas vacantes. Contra a súa resolución poderase presentar un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

Artigo 24. Cambio de universidade de custodia do expediente

24.1. Supostos

Considéranse os seguintes casos: o alumnado de continuación de estudos do grao en Relacións Internacionais (UVigo) e do grao en Intelixencia Artificial (UVigo e USC) que solicite o cambio de universidade de custodia do seu expediente.

24.2. Cota de admisión

No caso do grao en Relacións Internacionais establécense as seguintes cotas de admisión:

- Alumnado de primeiro curso (considérase como tal quen teña pendente de superar, cando menos, unha materia do primeiro curso): catro prazas.
- Alumnado de segundo curso (considérase como tal quen, con todas as materias do primeiro curso superadas, teña pendente de superar, cando menos, unha materia do segundo curso): catro prazas.
- Alumnado de terceiro curso (considérase como tal quen superase todas as materias do primeiro e o segundo curso, e teña pendentes de superar, cando menos, 30 créditos do terceiro curso): 23 prazas .
- Alumnado de cuarto curso (considérase como tal quen superase todas as materias do primeiro e o segundo curso e teña pendentes de superar menos de 30 créditos do terceiro curso): 23 prazas.

Para os estudos do grao en Intelixencia Artificial establécese unha cota de admisión de cinco prazas.

24.3. Solicitude

A solicitude enviarase por correo electrónico ao enderezo soa@udc.gal xunto cos datos e a documentación que figuran a continuación:

- Asunto: Cambio de universidade de custodia de expediente-grao [nome do grao].
- Documentos anexos:
 - Copia do DNI/pasaporte/NIE en vigor.
 - Copia simple do expediente académico que recolla a situación da persoa solicitante na data da solicitude.
- Texto do correo:

Solicito o cambio do meu expediente nos estudos do grao en desde a Universidade de á Universidade da Coruña e autorizo a miña universidade de procedencia para que lle expida á Universidade da Coruña unha certificación do meu expediente académico.

No caso de que o correo non cumpra as características indicadas, a administración do centro ou a UXAI reclamará a súa corrección. De non se emendar o correo, a solicitude será rexeitada.



Os prazos para solicitar e resolver estes trámites son os establecidos no punto 1.1 do anexo I desta normativa.

24.4 Resolución

A selección efectuarase considerando, unicamente, a media do expediente universitario, sempre e cando as persoas solicitantes cumpran os requisitos de permanencia da UDC.

Esta media calcularase tendo en conta a situación do expediente da persoa solicitante unha vez pechadas as actas de cualificacións das probas de avaliación da segunda oportunidade na UVigo. A UDC solicitaralle á UVigo as correspondentes certificacións académicas.

Por delegación do reitor, corresponderalles resolver as solicitudes aos decanatos ou as direccións dos centros, en función da nota media do expediente de orixe actualizado na data de peche das actas. Contra a súa resolución caberá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

A resolución favorable esixe que o alumnado seleccionado cumpra os requisitos de permanencia da UDC. Isto non se considerará un traslado de expediente, polo que non se aboarán prezos públicos por este concepto.

As solicitudes realizadas fóra do prazo fixado para tal fin, por delegación do reitor, resolveranas os decanatos ou as direccións dos centros. Poderanse resolver favorablemente sempre que existan prazas vacantes. Contra a súa resolución poderase presentar un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

Artigo 25. Admisión e matrícula do alumnado titulado na ordenación universitaria anterior (curso ponte)

25.1. Ámbito

O alumnado que posúa un título universitario da anterior ordenación académica que lle dea acceso a un grao sen necesidade de preinscrición, de acordo cos requisitos establecidos en cada memoria do plan de estudos correspondente, poderá solicitar ser admitido nas condicións que se sinalen na dita memoria, presentando a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Título de acceso (agás o alumnado da UDC).
- Xustificante do dereito de exención ou redución dos prezos de matrícula, de ser o caso.
- Autorización da domiciliación bancaria do cobramento dos prezos públicos, no caso de solicitar este tipo de pagamento.

Esta admisión solicitarase no centro en que se imparta a titulación a que pretenda acceder ou na UXAI correspondente, nos prazos que se sinalan no anexo I.

25.2. Orde de prelación para resolver as solicitudes de admisión

No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofrecidas, terase en conta a nota media do expediente académico nos estudos que as persoas candidatas acrediten, que se calculará de acordo co disposto no apartado segundo do Protocolo de colaboración subscrito pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado pola Resolución do 15/09/2011, da Secretaría Xeral Técnica da citada consellería (DOG do 30/09/2011).



25.3 Competencia para resolver

Por delegación do/a reitor, competeralles aprobar as listaxes provisionais e definitivas de admisión no curso ponte aos decanatos ou as direccións dos centros, nos prazos que se establezan. Contra a resolución provisional caberá presentar unha reclamación ante o propio decanato ou a propia dirección. Contra a resolución definitiva poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

As datas e os prazos en que se publicarán as relacións provisionais e definitivas do alumnado admitido, que se exporán nos centros, así como de reclamacións, recursos e matrícula, son os que figuran no punto 1.2 do anexo I desta normativa.

Artigo 26. Matrícula do alumnado da UDC de titulacións correspondentes á anterior ordenación académica

O alumnado da UDC de titulacións correspondentes á anterior ordenación académica que non rematase os seus estudos e que desexe proseguilos nos estudos de grao que proveñan da súa titulación, poderá consultar as táboas de adaptación entre as dúas titulacións e, posteriormente, presentar a súa solicitude na administración do centro ou a UXAI correspondente.

Por delegación do reitor, corresponderalle resolver ao decanato ou á dirección do centro. Contra a súa resolución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o reitor.

O prazo de matrícula será o establecido no anexo I.

Artigo 27. Matrícula nos programas de graos abertos

27.1 A matrícula nos programas de graos abertos da UDC rexerase pola normativa específica para os programas de graos abertos.

27.2 A incorporación ao grao elixido no programa de grao aberto realizarase unha vez finalizado o primeiro curso, no prazo establecido no punto 1.1 do anexo I.

O alumnado presentará a solicitude de acceso ao grao de destino e de recoñecemento dos créditos que correspondan na administración do centro en que se imparta o grao elixido ou na UXAI correspondente. O/a decano/a ou o/a director/a emitirá a resolución de admisión e de recoñecemento.

A matrícula faraa a administración do centro ou a UXAI de destino. O alumnado estará exento do pagamento da taxa por esta xestión e mais polos recoñecementos.

27.3. O estudantado que estea matriculado no grao de destino a través dun programa de grao aberto e que superase un mínimo do 75 % dos créditos en que se matriculase no curso anterior poderá participar no programa de formación complementaria naqueles casos que así o recollan.

TÍTULO VI. Normativa específica dos másteres

Artigo 28. Coordinación dos másteres universitarios e comisión responsable da selección de alumnado

28.1. Cada máster universitario estará coordinado por unha ou un docente, co nomeamento correspondente para o efecto.



28.2. Para seleccionar o estudantado, a dirección do centro nomeará unha comisión que estará composta, como mínimo, por tres membros do profesorado que imparta docencia no máster, un dos cales será quen o coordine, que a presidirá, e a persoa responsable da administración do centro ou a UXAI. Esta comisión elixirá, entre as persoas que a integren, a que exercerá de secretaria, que redactará as actas das reunións e que certificará os seus acordos. A composición da comisión publicárase na páxina web da facultade ou a escola.

28.3. Cada comisión responsable da selección deberase constituír antes de que comece o proceso de admisión do alumnado. Con carácter previo á apertura do prazo de admisión, as comisións elaborarán e publicarán, na web do centro, o baremo que empregarán para valorar as solicitudes de acceso que se presenten en cada máster.

Artigo 29. Excepcionalidade na matrícula de inicio de estudos

O alumnado de inicio de estudos de máster poderase matricular de máis créditos optativos dos máximos permitidos para poder obter unha segunda especialidade no mesmo curso.

Disposición adicional

As datas e as horas que figuran nesta normativa entenderanse referidas, en todo caso, ao calendario e ao horario peninsular de España.

Disposición final primeira

Habilítase a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir á hora de aplicala mediante as instrucións que sexan oportunas, as cales deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

ANEXO I. Prazos e calendarios

1. ADMISIÓN E MATRÍCULA		
1.1. TITULACIÓNS DE GRAO		
Alumnado de primeiro curso por primeira vez en titulacións con límite de prazos	Preinscrición	Segundo os prazos da CiUG
	Matrícula	Segundo os prazos da CiUG
Alumnado de continuación de estudos	Matrícula	5-21/08/2026*
Alumnado da anterior ordenación académica que se matricula nas ensinanzas do grao que proveñan da súa titulación	Solicitud	01-29/07/2026
	Resolución	No prazo dun mes
	Matrícula	No prazo indicado na resolución
Alumnado que solicita o cambio de universidade e/ou titulación Alumnado con estudos estranxeiros parciais ou con títulos sen homologación que solicita o cambio de universidade e/ou titulación	Solicitud	No mes de xullo de 2026 nas datas sinaladas por cada facultade/escola/UXAI
	Resolución e matrícula	Antes do 16/09/2026
Alumnado que solicita o cambio de universidade de custodia de expediente	Solicitud	19/06-10/07/2026
	Listaxe provisional	23/07/2026
	Reclamación	24-28/07/2026
	Resolución	31/07/2026
	Matrícula	05-21/08/2026
Cambio da modalidade de impartición do ensino para alumnado de continuación de estudos	Solicitud	No mes de xullo de 2026 nas datas sinaladas por cada facultade/escola/UXAI
	Resolución	Antes do 03/08/2026
	Matrícula	05-21/08/2026
	Solicitud	05-21/08/2026

* Disporá dun prazo extraordinario de 10 días, os cales comezarán a contar desde o de peche de actas, da resolución do Tribunal de Compensación, da recepción de cualificacións, da resolución de recoñecementos nos graos abertos e da resolución do cambio de modalidade de ensino, respectivamente, aquel alumnado que se atope nos casos que se indican a continuación:

- Alumnado pendente da cualificación do TFG.
- Alumnado pendente da cualificación das prácticas.
- Alumnado pendente da resolución da súa solicitude de avaliación por compensación, ditada logo de transcorrer o prazo de matrícula.
- Alumnado pendente da recepción das cualificacións obtidas en estadías de mobilidade.
- Alumnado procedente de programas de graos abertos para a matrícula no grao de destino.

Alumnado pendente de resolución de cambio da modalidade de impartición do ensino.



Elección de grao de destino do alumnado dos graos abertos		Matrícula e resolución de recoñecementos	Antes do 07/09/2026
Matrícula no programa de formación complementaria (alumnado matriculado no grao de destino, procedente dun programa de grao aberto)		Matrícula	17-21/08/2026
Realización dunha segunda mención nun grao universitario		Solicitude	No mes de xullo de 2026 nas datas sinaladas por cada facultade/escola/UXAI
		Resolución e matrícula	Antes do 07/09/2026
Simultaneidade de estudos do mesmo nivel	Inicio simultáneo en dúas titulacións da UDC	Solicitude	No prazo de matrícula de vacantes
		Resolución	No prazo de cinco días tras finalizar o prazo de matrícula de vacantes
		Matrícula	No prazo indicado na resolución
	Estudos xa iniciados e estudos novos da UDC	Solicitude	No prazo de matrícula dos novos estudos
		Resolución	No prazo de cinco días tras finalizar o prazo de matrícula de vacantes
		Matrícula	No prazo indicado na resolución
	Estudos xa iniciados e estudos novos entre a UDC e outra universidade	Solicitude	Saíntes: no momento en que dispoñan da carta de admisión Entrantes: no prazo de matrícula dos novos estudos
		Resolución	Saíntes: no prazo de 10 días Entrantes: no prazo de cinco días tras finalizar o prazo de matrícula de vacantes
		Matrícula	Entrantes: no prazo indicado na resolución

1.2. ALUMNADO TITULADO QUE ACCEDE AO CURSO PONTE OU A OUTROS CURSOS DE GRAO

Preinscrición	Preinscrición	13/07-16/07/2026
	Listaxe provisional de persoas admitidas	23/07/2026
	Reclamacións á listaxe provisional de persoas admitidas	24-30/07/2026
	Listaxe definitiva de persoas admitidas	10/08/2026
Matrícula	1.º prazo de matrícula	11-21/08/2026
	Publicación de prazas vacantes	01/09/2026
	2.º prazo de matrícula (nas prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda)	02-04/09/2026

**1.3. TITULACIÓNS DE MÁSTER**

Os prazos de preinscrición anticipada, ordinario e extraordinario, así como o prazo único para o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, e de matrícula de inicio, son os establecidos na Norma de preinscrición e matrícula nos másteres universitarios para o curso 2026/27.

Matrícula directa nos másteres con prazas vacantes	As persoas que reúnan os requisitos académicos esixidos poderanse matricular naqueles másteres en que queden ou xurdan prazas vacantes e en que as listaxes de espera se acaben.	22-30/10/2026
--	--	---------------

Alumnado de continuación de estudos	Matrícula	05-21/08/2026
-------------------------------------	-----------	---------------

2. ADAPTACIÓN, RECOÑECIMIENTO E TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS

Adaptación	Solicitud	01-29/07/2026
	Resolución	No prazo dun mes
	Matrícula	No prazo indicado na resolución
Recoñecemento por estudos, agás de prácticas extracurriculares	Solicitud	Xunto coa matrícula ordinaria
	Resolución	No prazo dun mes
Recoñecemento por prácticas extracurriculares e experiencia profesional ou laboral	Solicitud	Unha vez que se acaden as condicións necesarias para obter os recoñecementos
	Resolución	No prazo dun mes
Recoñecemento por actividades universitarias	Solicitud	Unha vez que se acaden as condicións necesarias para obter os recoñecementos
	Incorporación	No prazo dun mes
Transferencias	Solicitud	En calquera momento
	Resolución	No prazo dun mes

3. MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA

Eliminación, substitución e/ou ampliación de materias	Véxanse os artigos 11, 12 e 13	
Anulación da matrícula	Solicitud	Ata o 09/10/2026

ANEXO II. Documentos

1. Documentos necesarios para solicitar a matrícula ordinaria

Todo o alumnado deberá presentar a seguinte documentación:

- Xustificante, de ser o caso, do dereito a unha exención ou redución dos prezos da matrícula.
- Autorización da domiciliación bancaria do cobramento de prezos públicos (orde SEPA), de optar por esta opción de pagamento.

Ademais, o alumnado que se matricula por primeira vez nesta universidade deberá presentar esta documentación:

- Fotocopia do documento de identidade.
- Documento pertinente segundo o título ou as probas que o habiliten para os estudos que pretende cursar. Se o curso en que o alumnado rematou o título ou realizou as probas que o habilitan para acceder aos estudos que pretende cursar non é o inmediatamente anterior ao da súa solicitude, achegará o xustificante do pagamento do traslado da universidade de orixe, ou, de ser o caso, unha declaración responsable de non estar matriculado en estudos universitarios oficiais anteriormente.

2. Documentos que acreditan a gratuidade, a exención ou a redución dos prezos da matrícula en titulacións oficiais

Se o estudantado goza dos beneficios da gratuidade, a exención ou a redución dos prezos públicos por servizos académicos, presentará algún destes documentos:

- Estudiantado que solicite a bolsa de estudos do MEFPD e que no momento de formalizar a súa matrícula se acolla á exención de prezos públicos: deberá presentar o xustificante que pode descargar da plataforma de bolsas do MEFPD en calquera momento.
- Estudiantado coa cualificación global de matrícula de honra no segundo curso do bacharelato ou na FP, ou ben que obtivese o premio extraordinario no bacharelato: certificación do centro respectivo.
- Estudiantado beneficiario da condición de familia numerosa xeral ou especial: documento oficial expedido pola administración autonómica competente, que deberá estar en vigor no prazo de matrícula fixado pola UDC.
- Estudiantado con discapacidade: resolución expresa sobre o recoñecemento do grao de discapacidade emitida pola Xunta de Galicia ou pola Seguridade Social.
- Estudiantado coa consideración de vítima de acto terrorista: informe preceptivo do Ministerio do Interior, recoñecemento por parte da Administración xeral do Estado de pensión extraordinaria por acto de terrorismo ou sentenza xudicial firme.
- Estudiantado coa condición de vítima de violencia de xénero:

Presentará calquera dos seguintes documentos:

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.

- b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a persoa sufriu violencia de xénero.
- c) Certificación dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- f) Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- g) Calquera outro documento que se estableza regulamentariamente.

Unha vez declarada a exención por este motivo manterase durante o período ordinario de realización deses estudos.

- O persoal empregado público da UDC e as correspondentes persoas beneficiarias acreditarán esta circunstancia mediante o que estableza a normativa da UDC ao respecto.
- A condición de persoa beneficiaria do ingreso mínimo vital acreditarase mediante a resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital.

De acordo co disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase presentar unha copia simple dos documentos e só se esixirá mostrar o documento orixinal cando existan dúbidas derivadas da calidade da copia ou cando así o esixa a relevancia do documento no procedemento.

3. Documentos necesarios para solicitar o cambio de universidade e/ou estudos

3.1. Alumnado que procede doutros centros da UDC:

Ao alumnado procedente doutros centros desta universidade trasladaráselle o certificado de documentación, que deberá conter unha mención expresa dos datos a que se refire o apartado 1 deste anexo. Esta certificación seralle solicitada de oficio polo centro ou pola UXAI de destino ao centro ou á UXAI de procedencia, do que deberá quedar constancia no expediente da ou do estudante.

No momento da matrícula será suficiente con que o alumnado presente no centro ou na UXAI a que accede unha declaración responsable da súa situación académica no centro de procedencia.

3.2. Alumnado con estudos parciais españois procedente doutras universidades:

1. Solicitud.
2. Fotocopia do documento de identidade.
3. Certificación académica persoal (CAP).
4. Guía docente ou programa en galego ou castelán das materias superadas referida ao curso en que se superaron. Esta documentación debe vir expedida e selada polo centro correspondente, ou coa súa sinatura electrónica.

Tanto a guía como o programa poden ser substituídos pola identificación dos sitios oficiais en que están publicados, sempre que se trate de estudos que estean en vigor na data da solicitude.

3.3. Alumnado con estudos estranxeiros:



1. Solicitud.
2. Fotocopia do documento de identidade.
3. Certificado académico oficial ou suplemento europeo do título de orixe (SET) debidamente legalizado, agás institucións de estados membros da UE, Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suíza. Neste documento debe figurar a denominación das materias superadas, a súa carga lectiva e a cualificación que se obtivo. Se a persoa solicitante non pode enviar a documentación legalizada, bastará de forma provisional con que faga chegar unha copia de que solicitou a correspondente legalización ou apostila da certificación académica.
4. Formulario dispoñible na páxina web do ministerio competente en materia de universidades para determinar a equivalencia das cualificacións dos estudos de orixe na UDC.
5. Guía docente ou programa das materias superadas referida ao curso en que se superaron. Esta documentación debe vir expedida e selada polo centro correspondente, ou coa súa sinatura electrónica.
6. Tanto a guía como o programa poden ser substituídos por unha ligazón oficial á súa publicación en internet, sempre que sexa un estudo nacional vixente na data da solicitud.
7. En caso de que os estudos obxecto de recoñecemento estean concluídos:
 - a) Declaración responsable de que non se solicitou a homologación do título.
 - b) Copia da credencial de denegación da homologación.
 - c) Copia da credencial de denegación da declaración de equivalencia.
 - d) Copia da credencial de homologación a un título diferente ao de destino que se pretende cursar.

O alumnado coa documentación nun idioma distinto do galego ou do castelán terá que acompañar da correspondente tradución oficial a calquera das dúas linguas oficiais na UDC, a cargo dun/dunha tradutor/a xurado/a, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español. Con todo, non será precisa a tradución oficial cando se trate de documentos redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana. Nestes casos bastará a tradución que realice a propia persoa interesada, aínda que prevalecerá, de haber discrepancia, a tradución que realice a UDC.

No suposto de proporcionar documentación traducida, o alumnado deberá achegar as copias dos documentos orixinais sen traducir (sen o selo da tradución xurada); e os documentos orixinais traducidos (co selo da tradución xurada).

Todos os documentos achegados á solicitud serán copias cotexadas, polo que deberán presentarse os orixinais e as copias destes. Se se presenta un documento compulsado, este non se cotexará para llo devolver ao alumnado xa que se considerará parte da documentación esixida. De calquera maneira, teranse en conta os casos de especial dificultade á hora de presentar os documentos necesarios.



4. Documentos que debe presentar o alumnado que solicite o acceso a prácticas ou actividades que impliquen contacto habitual con menores

Requirirase unha certificación do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais en que se faga constar que a persoa interesada non ten condena por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Estará exento de presentar esta certificación o alumnado que autorice a UDC a realizar a correspondente consulta no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, a través das vías aprobadas para esta finalidade.

5. Efectos da falsidade documental e procedemento de notificación

A falsidade nos datos que se declaren deixará sen efecto a resolución que, de ser o caso, se adoptase no momento en que a UDC teña coñecemento de que non se cumpren os requisitos esixidos. Isto comunicáraselle á persoa interesada por correo certificado con xustificante de recepción.